



1º TRIMESTRE

SAN TOMÉ 1

CURSO 2021-2022




O PRIMEIRO TRIMESTRE COMEZA COA CHEGADA DO ALUMNADO DESPOIS DAS VACACIÓNS DE VERÁN, VOLVEMOS A VER OS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS QUE TANTO BOTÁBAMOS DE MENOS, COÑECEMOS ÓS NOVOS COMPAÑEIROS/AS DESTE CURSO (ROMÁN, LUKAS E MATEO), VOLVEMOS A ENCONTRARNOS COS MESTRES E MESTRAS... ESTE ANO PODEMOS DISFRUTAR CON ALGO MÁIS DE NORMALIDADE CA O ANTERIOR. XA NOS PERMITEN XUNTARNOS CON OUTRA ESCOLA, FORMANDO UN GRUPO BURBULLA. ASÍ, NESTE TRIMESTRE XA PUIDEMOS COMPARTIR RECREOS E ACTIVIDADES COS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS DA ESCOLA DE SAN TOMÉ 2, ASÍ COMO XUNTARNOS COS NÓSOS COMPAÑEIROS/AS DA ESCOLA DE SAN VICENTE E DA ESCOLA DE PARADELA.

O TRIMESTRE TRANSCORREU CON EXPERIENCIAS NOVAS, PROPOSTAS, TALLERES, PEQUENAS SAÍDAS Á CONTORNA PRÓXIMA, INSTALACIÓNS DE XOGO.... SEGUIMOS TRABALLANDO, GRAZAS O CAMBIO NA CONTORNA COA CHEGADA DO OUTONO, A CELEBRACIÓN DO SAMAÍN E DO MAGOSTO, DÍAS ESPECIAIS E COMO NON A CELEBRACIÓN DO NADAL, SENDO UN MOMENTO MARCADO POLA MAXIA E ILUSIÓN DOS CATIVOS.

PRIMEIROS DÍAS

O PRIMEIRO DÍA DE ESCOLA FOI MOI ESPECIAL. POR MÓR DA COVID-19 AS FAMILIAS NON PUIDERON ACOMPAÑARNOS PERO QUIXEMOS QUE ESTIVERAN PRESENTES NESTE DÍA. NATURIZO E RABUÑOSI DÉRONNOS A BENVIDA CUNHA GRAN SORPRESA, CUN COFRE-TESOURO. NEL AS FAMILIAS DEIXÁRONNOS UNHA MENSAXE MOI MOI ESPECIAL. NO COFRE HABÍA UNHA FOTO FAMILIAR E UNHA MENSAXE DAS NOSAS FAMILIAS, PARA QUE ESTEAN PRESENTES DENDE O PRINCIPIO NUN RECUNCHIÑO DA AULA.

ASÍ, OS DEMAIS COMPAÑEIROS COÑECERÁN ÁS NOSAS FAMILIAS E CANDO OS BOTEMOS DE MENOS, SABEREMOS QUE NOS ACOMPAÑAN EN TODO MOMENTO




POUCO A POUCO, FOMOS ADAPTÁNDONOS Á VIDA DIARA DA AULA E COMEZAMOS CUNHAS DAS NOSASPRIMEIRAS ACTIVIDADES. CREAMOS UNHAS PULSERIAS RECICLANDO OS TUBOS DE PAPEL HIXIÉNICO, FACENDO PULSEIRAS PARA OS NÓSOS COMPAÑEIROS/AS.

PERSONALIZAMOS OS NÓSOS PERCHEIROS COS DEBUXOS DE NÓS MESMOS.

E DISFRUTAMOS COÑECENDO OS ESPAZOS DA ESCOLA.



NAS PRIMEIRAS SEMANAS DE CLASE RECIBIMOS A INVITACIÓN DE RABUÑOSO E MÁXICA PARA IR VISITALOS Á BIBLIOTECA DO CRA ANTES DE MARCHAR DE VISITA POLAS DIFERENTES AULAS DO CRA. ALGÚNS XA OS COÑECÍAMOS DE ANOS ANTERIORES E OUTROS ERA A PRIMEIRA VEZ QUE OS VIAN, PERO TODOS ESTABAMOS FELICES DE PODER VELOS.



ADEMAIS, VIÑAN ACOMPAÑADOS DUN LIBRIÑO DE PRESENTACIÓN, ONDE RABUÑOSO CONTÁBANOS ONDE VIVE, CAL É O SEU CONTO FAVORITO, A SÚA FAMILIA, AMIGUIÑOS... POLO QUE DECIDIMOS QUE CADA UN DE NÓS ÍA FACER O LIBRIÑO COAS SÚAS COUSAS PREFERIDAS, A SÚA FAMILIA, A SÚA CASA...

NO DÍA A DÍA NA NOSA AULA, CHEGAKOS A CLASE, COLGAMOS AS PERTENZAS NO NOSO COLGADOIRO, FIRMAMOS NO REXISTRO DE ENTRADA E COMEZAMOS COAS PROPOSTAS DE APRENIDZAXE DAS DIFERENTES ZONAS DA AULA. MENTRES, OS ENCARGADOS/AS DO DÍA FAN A SÚA TAREFA QUE POSTERIORMENTE TRANSMITIRÁN Ó GRUPO NO PARLADOIRO DIARIO. DESTE XEITO, CONSEGUIMOS TER UN PAPEL ACTIVO NAS RUTINAS DIARIAS, Á VEZ QUE RESPECTAMOS AS QUENDAS, A ESCOITA ACTIVA, A ATENCIÓN E O TRABALLO COLABORATIVO. TEMOS ENCARGADOS DE PASAR LISTA, O DE VER O DÍA QUE É., O DO TEMPO ATMOSFÉRICO...



CADA DÍA VEMOS O TEMPO, E CANDO REMATA O MES FACEMOS O RECONTO DE TÓDOLOS DÍAS REXISTRADOS



CO CALENDARIO LINEAS MENSUAL BUSCAMOS O DÍA NO QUE NOS ATOPAMOS E RISCAMOS O DE ONTE



CO CALENDARIO ANUAL CIRCULAR VEMOS A ESTACIÓN DO ANO, O MES, O DÍA DA SEMANA E OS DÍAS QUE PASARON.

BENVINDO OUTONO

CO INICIO DO CURSO DESPEDIMOS O VERÁN E DAMOS A BENVIDA Ó OUTONO. COMEZAMOS CUNHA FESTA DE BENVIDA Ó OUTONO NA QUE NON FALTARON ELEMENTOS DESTA ÉPOCA E FROITOS TÍPICOS, PERMITÍNDONOS COÑECER NOVAS ÁRBORES E OS SEUS FROITOS.



ADEMAIS, GRAZAS Á COLABORACIÓN DAS FAMILIAS PUIDEMOS TOCAR, ULIR, VER, COÑECER E MESMO PROBAR DIVERSAS FROITOS DE OUTONO.

NOS SERVIRON PARA REALIZAR **PROPOSTAS DE APRENDIZAXE** NOS DIFERENTES ESPAZOS DA AULA. TIVEMOS PROPOSTAS DE **MATEMÁTICAS** COMO CONTEO, LÓXICA (SERACIÓN POR COR E CLASIFICACIÓN POR TAMAÑO) OU NOCIÓNS ESPACIAIS, DE **LINGUAXE** COMPOÑENDO PALABRAS, CLASIFICANDO FROITOS POLO NÚMERO DE SÍLABAS DO SEU NOME, **SENSORIAIS** FACENDO CONFETI BIODEGRADALE CON FOLLAS, MACHACANDO FOLLAS, DEBULLANDO MILLO (TRABALLANDO A MOTRICIDADE FINA, FUNDAMENTAL PARA A ADQUISICIÓN DE HABILIDADES MOTRICES PARA A LECTOESCRITURA), TRASVASES NA MESA DE EXPERIMENTACIÓN, E DE **ARTE** CREANDO ÁRBORES DE OUTONO ESTAMPANDO CON CORCHOS ...



TAMÉN LEVAMOS EMPREGAMOS ESTES ELEMENTOS EN DIFERENTES **TALLERES**:

TALLER DE LÓXICA:
DISCRIMINAR
E CLASIFICAR
POR
ATRIBUTOS



TALLER DE ARTE: PINTAMOS CON
ELEMENTOS DE OUTONO



SAMAÍN

O SAMAÍN CHEGOU CUNHA
INSTALACIÓN DE XOGO NA
QUE INTERACTUAR CON
DIFERENTES ELEMENTOS E
OFRECER UNHA
TRANSFORMACIÓN DO
ESPAZO.



A PARTIR DESTE DÍA, A AULA ENCHEUSE DE **PROPOSTAS** CON ESTES ELEMENTOS COMO PROTAGONISTAS

CONSTRUCCIÓN DE LETRAS



ORIENTACIÓN ESPACIAL



PRÁCTICA DA PINZA

CONTEO E VOCABULARIO



CONTEO E ASOCIACIÓN
COA GRAFÍA



LEVAMOS A CABO VARIAS **ACTIVIDADES:**

CREAMOS UNHAS
ARAÑAS TERRORÍFICAS



PREPARAMOS UNHAS
CABAZAS DE MEDO



E CHEGOU O DÍA DO SAMAÍN!


VIÑEMOS DISFRAZADOS DE PERSONAXES
TERRORÍFICOS E REALIZAMOS UN TALLER
DE CABAZAS, TANTO DE DECORADO
(TRABALLANDO A CREATIVIDADE) COMO DE
BALEIRADO (ATOPÁNDONOS CON MOITAS
SENSACIÓNS TÁCTILES).



MAGOSTO

O MAGOSTO CONVERTEUSE NUN DÍA ESPECIAL NON SÓ POLA DEGUSTACIÓN DE CASTAÑAS, POSIBLE COA COLABORACIÓN DAS FAMILIAS, SENÓN TAMÉN COMPARTIR ESTE DÍA COS NENOS DA ESCOLA DE SAN VICENTE. UN DÍA CHEO DE SOCIALIZACIÓN, EMOCIÓN E ENCONTROS.

COMEZAMOS CUN TALLER DE ARTE
PARA A ELABORACIÓN DAS CESTAS DE
CASTAÑAS CON ELEMENTOS DE
RECICLAXE, TRABALLANDO A
COORDINACIÓN ÓCULO-MANUAL CO
RASGADO DE PAPEIS E OUTRAS
HABILIDADES DE MOTRICIDADE
FINA, ASÍ COMO A ESTAMPACIÓN.





PREPARAMOS TAMÉN UNHA PANCARTA PARA DAR A BENVIDA ÓS COMPAÑEIRAS E COMPAÑEIRAS DA ESCOLA DE SAN VICENTE.



NO DÍA DO MAGOSTO DISFRUTAMOS DE XOGOS COMPARTIDOS E UNHA SESIÓN DE CONTACONTOS NA QUE OS ESQUELETES, MORCEGOS E MONSTRUOS FORON OS PROTAGONISTAS, GRAZAS A COLABORACIÓN DA ANPA.



E COMEMOS CASTAÑAS!!!



ESTE CURSO TAMÉN PARTICIPAMOS NO PROGRAMA VOZ NATURA DE EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL DE LA VOZ DE GALICIA, DESENVOLTO POLA FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE. GRAZAS A EL DISPOÑEMOS DE PRESUPOSTO PARA MANTER AS HORTAS, MERCAR ÁRBORES PARA OS PATIOS E CO QUE COLABORAMOS PARA CONCIENCIARNOS DA IMPORTANCIA DE COIDAR O NOSO PLANETA.

-ANTES QUE "SALVAR" EL PLANETA, VAMOS A "AMAR" EL PLANETA... -(HEIKE FREIRE), E PARA AMALO PRIMEIRO HAI QUE COÑECELO. FIXEMOS VARIAS SAÍDAS PARA COÑECER QUE ÁRBORES QUE NOS RODEAN, TANTO DA RIBEIRA DO RÍO COMO AS DO MONTE.



NO MES DE NOVEMBRO, DENDE VOZ NATURA, LANZÁRONNOS UN ECO-RETO: INVESTIGAR SOBRE A FLORA DA CONTORNA. XENIAL! NÓS ESTABAMOS A TRABALLAR COAS ÁRBORES, PERO SOBRE QUE ÁRBORE PODIAMOS INVESTIGAR NO MES DOS MAGOSTOS? POIS CLARO, DO CASTIÑEIRO. SAÍMOS EN BUSCA DUN E O ATOPAMOS Á BEIRA DO RÍO. DESPOIS DE ANALIZAR OS SEUS FROITOS INVESTIGAMOS SOBRE QUE ANIMAIS COMEN CASTAÑAS, NÓS ENTRE ELES, E DE QUE FORMAS SE COMEN, VIMOS QUE AS UTILIDADES DA MADEIRA CASTIÑEIRO E ATA PLANTAMOS UNHA CASTAÑA COA ESPERANZA DE PRONTO VER COMO XERMOLA UN NOVO CASTIÑEIRO.



TAMÉN PREPARAMOS A HORTA, PLANTAMOS DOUS TIPOS DE REPOLOS, BRÓCOLI, COLIFLOR, CEBOLA VERMELLA, CEBOLA AMARELA, ALLOS E PORROS. Ó REMATAR, DEIXAMOS REXISTRO NO NOSO CADERNO DE PLANTACIÓN.



A VER QUE RESULTADO OBTEMOS! O MÁIS IMPORTANTE É COIDÁLA, ASÍ FAMILIARIZAMOS ÓS PEQUECHOS E PEQUECHAS NA IMPORTANCIA DO COIDADO DO MEDIO Á VEZ QUE SE INICIAN NOS HÁBITOS SAUDABLES.

TEMPO DE NADAL!

O NADAL É UNHA CELEBRACIÓN CULTURAL E TENDO EN CONTA QUE AS APRENDIZAXES DO ALUMNADO VENSE BENEFICIADAS SE ESTÁN RELACIONADAS COA CONTORNA PRÓXIMA, DENDE A ESCOLA DECIDIMOS DARLLE CABIDA A TRAVÉS DE DIFERENTES ASPECTOS:

**INSTALACIÓN CREADA
CON ELEMENTOS
TÍPICOS DE NADAL**



TRANSFORMAMOS O ESPAZO PARA PROVOCAR NOS CATIVOS E CATIVAS UNHA EMOCIÓN, UNHA APRENDIZAXE A TRAVÉS DA ORDE ESTÉTICA E CUNHA ACTITUDE LÚDICA. PROVOCAMOS A DECONSTRUCCIÓN, TRANSFORMACIÓN E UNHA NOVA CONSTRUCCIÓN.



PROPOSTAS DE APRENDIZAXE

RELACIONADAS COS DIFERENTES ESPAZOS DA AULA: LINGUAXES, LÓXICAMATEMÁTICA E ARTE E SENSORIAL.



DEBIDO Á SITUACIÓN QUE TIVEMOS ESTA ÚLTIMA SEMANA DE COLE, NON PUIDEMOS FACER MOITO MÁIS DESTA ÉPOCA QUE TANTO NOS GUSTA.



CALENDARIO DE CONTA

ATRÁS PARA O NADAL

CADA DÍA PROPÓNNOUS UNHA
ACTIVIDADE DIFERENTE.

POSTAL DE NADAL

XA QUE COMA CADA ANO QUEREMOS
QUE OS NENOS/AS ELABOREN UNHA
TAREFA DE CARÁCTER ARTÍSTICO, PERO
TAMÉN QUE EXPERIMENTEN A ILUSIÓN
DE RECIBIR NA CASA UNHA CARTA
ELABORADA POR ELES MESMOS.



ADORNO

PARA DECORAR O FOGAR
NESTAS DATAS, COA
ELABORACIÓN DO CAL NESTE
CASO APOSTAMOS POLA
TÉCNICA DE MODELADO E
POSTERIOR DECORACIÓN.



ESPAZOS DE APRENDIZAXE

A NOSA AULA ATÓPASE DIVIDIDA EN DIFERENTES ZONAS NAS QUE INVESTIGAR, CREAR, INTERACTUAR, XOGAR... ESTES ESPAZOS ESTÁN INTERCOMUNICADOS, OS NENOS/AS PODEN PASAR DUN LUGAR A OUTRO SEGUNDO AS SÚAS NECESIDADES E INTERESES.

OS ESPAZOS SON PREPARADOS POLA MESTRA CON DIFERENTES PROPOSTAS, PRESENTADOS EN BANDEXAS INDIVIDUAIS OU COMO PROVOCACIÓNS DIARIAS PARA TRABALLAR UN CONTIDO ESPECÍFICO.

O NOSO PAPEL COMO MESTRAS É PREPARAR ESAS PROPOSTAS, DARLLE SIGNIFICADO Ó QUE O NENO/A ESTÁ FACENDO, ORIENTAR O XOGO, MARCAR LÍMITES E INTRODUCIR ELEMENTOS NOVOS..., EN DEFINITIVA, FACER POSIBLE UN APRENDIZAXE AUTÓNOMA, INDIVIDUALIZADA, NA QUE O ALUMNADO É O PROTAGONISTA ACTIVO. NA AULA CONTAMOS COS SEGUINTES ESPAZOS:

ESPAZO DA LÓXICA MATEMÁTICA

NESTE ESPAZO OFRÉCENSE PROPOSTAS REALIZADAS CON DIVERSOS TIPOS DE MATERIAIS, PERMITINDO UN ACHEGAMENTO AOS DIFERENTES ASPECTOS DA MATEMÁTICA (LÓXICA, NUMERACIÓN, CUANTIFICACIÓN, MEDIDA, ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL...), E PARTINDO DA VIVENCIACIÓN, EXPERIMENTACIÓN E DA MANUPULACIÓN ATA CHEGAR A UNHA REPRESENTACIÓN.

EMPREGAMOS ELEMENTOS NATURAIS, MATERIAL REUTILIZADO, ASÍ COMO OUTROS MATERIAIS ESTRUCTURADOS COMO AS REGLETAS CUISINAIRE, OS BLOQUES LÓXICOS DE DIENES, O TANGRAM, POLICUBOS, MATERIAL DA PEDAGOXÍA MONTESSORI,...



NUMERACIÓN E CONTEO
COAS PERLAS MONTESSORI



CONSTRUCCIÓN DE
FORMAS
XEOMÉTRICAS CON
PEZAS

MEDIDA E
ESTIMACIÓN
USANDO OS
POLICUBOS



ORDENACIÓN COS
CILINDROS DE BOTÓN



CONTEO E ASOCIACIÓN
COA GRAFÍA COS
CONTADORES
MONTESSORI

NESTE TRIMESTRE AS **PROPOSTAS DE APRENDIZAXE** ESTIVERON ENFOCADAS A TRABALLAR CONCEPTOS COMO A IDENTIFICACIÓN DE ATRIBUTOS, O EMPARELLAMENTO, A SERIACIÓN E A CLASIFICACIÓN DE OBXECTOS, O CONTEO E ASOCIACIÓN CO GUARISMO (NÚMERO), COMPOSICIÓN DE FORMAS XEOMÉTRICAS, LOCALIZACIÓN DE NOCIÓNS ESPACIAIS,.... ORGANÍZANSE TENDO EN CONTA OS NIVEIS DE APRENDIZAXE PRESENTES NA AULA CO FIN DE RESPECTAR OS RITMOS E DESENVOLVEMENTO MADURATIVO DE CADA NENO E NENA.

LÓXICA



PARELLAS DE CALCETÍNS:
EMPRELLAMOS SEGUNDO AS
SÚAS SEMELLANZAS



ASOCIACIÓN POLA COR:
EMPRELLAMOS A COR DAS
FOLLAS COAS TABILLAS DE
COR MONTESSORI. DESPOIS
RECÓLLESE GRÁFICAMENTE



**CLASIFICACIÓN SEGUNDO
VARIOS ATRIBUTOS:** EN
FUNCIÓN DO NIVEL
CLASIFICAN OS BLOQUES
LÓXICOS ATENDENDO A COR,
FORMA, TAMAÑO...



SERIAÇÃO CON FOLLAS



**CLASIFICACIÓN DE FROITOS
DE OUTONO:** AGRUPACIÓN EN
FUNCIÓN DO TAMAÑO



CONTEO DE PAUS:
CONTAMOS E COLOCAMOS
A MESMA CANTIDE QUE
INDICA O NÚMERO

NUMERACIÓN

OURIZOS NUMÉRICOS:
TRABALLAMOS O CONCEPTO
"TANTOS COMO" COLOCANDO
PINZAS NOS OURIZOS



MILLO DE NÚMEROS:
TIRAMOS OS DADOS E
IMOS CUBRINDO OS
NÚMEROS QUE SAEN NAS
TIRADAS

XEOMETRÍA E NOCIÓNES ESPACIAIS




DIANTE/DETRÁS:
COLOCAMOS DIANTE DE RABUÑOSO O QUE SE PODE COMER E DETRÁS O QUE NON.



DENTRO/FÓRA:
COLOCAMOS DENTRO DA CESTA O QUE SE PODE COMER E FÓRA O QUE NON A MODO DE DECORACIÓN.

LOCALIZACIÓN DE NOCIÓNES ESPACIAIS

XEOPLANO: COMPOSICIÓN DE FORMAS XEOMÉTRICAS E REPRODUCCIÓN DE PATRÓNS



DESENVOLVEMOS **TALLERES** SEMANAIS COMBINANDO ACTIVIDADES VIVENCIAIS, MANIPULATIVAS E DE REPRESENTACIÓN GRÁFICA, CO FIN DE FAVORECER A INTERIORIZACIÓN DESDE A EXPERIENCIA PROPIA, ASÍ COMO TAMÉN A ESCOITA ACTIVA, RESPETO DA QUENDA E A PARTICIPACIÓN ACTIVA. NESTE TALLER FACEMOS DESDOBRE, XA QUE O ALUMNADO DE 4 E 5 ANOS QUEDA NA AULA COA TITORA, E O DE 3 ANOS FAI O TALLER CO MESTRE ANTONIO(O NOSO MESTRE DE APOIO) NA BIBLIOTECA. NESTE TRIMESTRE REALIZAMOS TALLERES CENTRADOS NOS SEGUINTES ASPECTOS BÁSICOS:

LÓXICA

COMEZANDO POLA IDENTIFICACIÓN DE ATRIBUTOS EMPREGANDO OS SENTIDOS (OÍDO, TACTO, VISTA...) E DA VIVENCIACIÓN DO QUE LEVAMOS POSTO (ROUPA E CALZADO).

O EMPARELLAMENTO COMO BASE PARA AS RELACIÓNS ENTRE OBXECTOS (SERIACIÓNS E CLASIFICACIÓNS CON MATERIAL ESTRUTURADO OU ELEMENTOS DO DÍA A DÍA).



EMPAPELLAMENTO DE ZAPATOS E PANTUFLAS.

CLASIFICACIÓN POR COR DOS FROITOS DE OUTONO



IDENTIFICACIÓN DOS COMPAÑEIROS A TRAVÉS DO SON E DO TACTO.





SERIACIÓN COS BLOQUES LÓXICOS



CLASIFICACIÓN DE BECHOS NO SAMAÍN



CLASIFICACIÓN POR TAMAÑO

NUMERACIÓN

TRABALLAMOS A CUANTIFICACIÓN E A NUMERACIÓN A PARTIR DA VIVENCIACIÓN E DA ESTIMACIÓN. APROXIMÁMONOS Ó CONCEPTO "MOITOS-POUCOS" PARA DESPOIS COMPARAR CANTIDADES (MÁIS QUE, MENOS QUE) E TRABALLAR O CONCEPTO "IGUAL".


TAMÉN TRABALLAMOS COA SERIE NUMÉRICA E O CONTEO DE CANTIDADES.



CONTEO DE CANTIDADES E ASOCIACIÓN COA GRAFÍA CORRESPONDENTE



MÁIS QUE - MENOS QUE



COMPARACIÓN DE CANTIDADES E CONSTRUCCIÓN DE CONXUNTOS EQUIVALENTES



XEOMETRÍA

PARTIMOS DUN LEMENTO BÁSICO COMO É A LIÑA, TRABALLANDO A SÚA CONSTRUCCIÓN E AS SÚAS FORMAS MÁIS VISIBLES, COMPARANDO SEMPRE CO QUE COÑECEMOS E FOMENTANDO A CREATVIDADE E EXPRESIÓN PROPIA DE CADA NENO E NENA.

CONSTRUCCIÓN DE FORMAS CON CORDAS: CÍRCULOS, LIÑAS ABERTAS, LIÑAS PECHADAS...



IDENTIFICACIÓN DE LIÑAS ABERTAS E PECHADAS



TRANSFORMACIÓN DAS LIÑAS

DESEÑO E TRAZADO DE LIÑAS ABERTAS E PECHADAS



ESPAZO DA LINGUAXE

O TRABALLO NO ÁMBITO DA LINGUAXE (ORAL E ESCRITA) XIRA EN TORNO A TRES EIXOS QUE CONSIDERAMOS FUNDAMENTAIS: OS REQUISITOS PREVIOS, A ESTIMULACIÓN DA EXPRESIÓN ORAL E A CONCIENCIA FONOLÓXICA. NA ZONA DA AULA DEDICADA Á LINGUAXE DISPOÑEMOS DE **MATERIAIS ESPECÍFICOS** QUE TAMÉN CONTRIBÚEN AO TRABALLO DESES TRES EIXOS:

LETRAS DE LIXA

SON TARXETAS CON LETRAS DE LIXA EN MAIÚSCULA SOBRE UNHA BASE DE MADEIRA PINTADA. PRETENDEN POTENCIAR A ASOCIACIÓN DO FONEMA CO SEU SÍMBOLO; DESENVOLVER A HABILIDADE MUSCULAR PARA O TRAZADO DE LETRAS; APRENDER A FORMA E O SON DAS LETRAS...



RESAQUES METÁLICOS

SON UNHA SERIE DE FORMAS XEOMÉTRICAS ENCAIXADAS NUN MARCO METÁLICO. O SEU OBXECTIVO PRINCIPAL É PREPARAR A MAN PARA A ESCRITURA A TRAVÉS DO TRAZADO DESTES RESAQUES SEGUINDO UNHA SECUENCIA CONCRETA QUE SE LLES PRESENTA AOS NENOS/AS ANTES DO SEU USO.

ALFABETO MÓBIL

É UN ABECEDARIO COMPLETO COAS CONSOANTES EN COR VERMELLA E AS VOGAIS EN AZUL. PERMITE A COMPOSICIÓN DE PALABRAS, TRABALLO DO SON DAS LETRAS, ETC. PODENDO OS NENOS E NENAS COMPOÑER PALABRAS CANDO AÍND A NON ESTÁN PREPARADOS/AS PARA FACELO CO LAPIS.



OS **REQUISITOS PREVIOS** SON AQUELAS CONDICIÓN S QUE É NECESARIO QUE NENOS E NENAS TEÑAN ADQUIRIDAS PARA QUE DESENVOLVAN UNHA ADECUADA CAPACIDADE LECTOESCRITORA. TEÑEN QUE VER COA DESTREZA MANUAL, A PSICOMOTRICIDADE FINA (MOVEMENTOS MÁIS PRECISOS E COORDINADOS), A LATERALIDADE, A COORDINACIÓN ÓCULO-MANUAL, A PRENSIÓN, ETC. TRABALLÁMOLOS A TRAVÉS DE VARIEDADE DE **PROPOSTAS DE APRENDIZAXE** COMO AS SEGUINTE S:



GRAFOMOTRICIDADE CON ELEMENTOS SOLTOS (PRENSIÓN, CONTROL DO MOVEMENTO)



ENSARTADO DE GOMAS (FORZA, COORDINACIÓN OLLO-MAN)



ESTAMPACIÓN DE SELOS PARA COMPOÑER O NOSO NOME (PRECISIÓ N DO MOVEMENTO E DA FORZA DA MAN)

A ESTIMULACIÓN DA CAPACIDADE DE **EXPRESIÓN ORAL** É DE GRANDE IMPORTANCIA PARA FOMENTAR A AMPLIACIÓN DE LÉXICO, PERFECCIONAR OU CORRIXIR DIFICULTADES DE DICCIÓN E PRONUNCIACIÓN E TAMÉN PARA PROGRESAR NA ADQUISICIÓN DE HABILIDADES RELACIONADAS CON ESTE ÁMBITO COMO A ESCOITA ACTIVA, A ATENCIÓN OU O RESPECTO DE QUENDAS DE PALABRA.

A **CONCIENCIA FONOLÓXICA** É A CAPACIDADE PARA PROCESAR A LINGUAXE ORAL, DISCRIMINANDO CADA UNIDADE OU SEGMENTO (PALABRAS, SÍLABAS E FONEMAS). TRABALLÁMOLA DE FORMA DIARIA NOS PARLADOIROS E TAMÉN A TRAVÉS DE PROPOSTAS COMO:



IDENTIFICACIÓN DE LETRAS COA PESCA DE CHAPAS



ASOCIACIÓN DO SON POLO QUE COMEZA CADA OBXECTO



SEGMENTACIÓN SILÁBICA E CONTEO DE SÍLABAS



IDENTIFICACIÓN E REPRODUCCIÓN DOS NOMES DOS COMPAÑEIROS

DE FORMA SEMANAL REALIZAMOS UN **TALLER DE LINGUAXE**, PARTINDO DE ACTIVIDADES O MÁIS VIVENCIAIS E SIGNIFICATIVAS POSIBLES.

COMEZAMOS TRABALLANDO A **RESPIRACIÓN** E O **SOPLO**, FUNDAMENTAIS PARA EXERCITAR OS MÚSCULOS DA ZONA ORAL PREPARÁNDOOS PARA UNHA MELLOR PRONUNCIA E ARTICULACIÓN DOS SONS.

CARREIRA DE SOPLO



TRABALLAMOS TAMÉN AS **HABILIDADES AUDITIVAS** CON XOGOS A PARTIR DOS NOSOS NOMES. ABORDAMOS A ATENCIÓN E A MEMORIA AUDITIVA REPETINDO SECUENCIAS DE NOMES E DANDO ORDES A CADA NOME, A DISCRIMINACIÓN E A LOCALIZACIÓN DOS SONS, E A PERCEPCIÓN DA FIGURA-FONDO (EN GRUPOS, DICIMOS VARIOS NOMES Á VEZ, VENDO CALES CONSEGUIMOS ESCOITAR).

POR OUTRA PARTE TAMÉN FOMENTAMOS A **INCORPORACIÓN DE NOVO VOCABULARIO** E O SEU USO DE FORMA PRECISA, MELLORAR NA **ELABORACIÓN E CONSTRUCCIÓN DE FRASES**, INICIARSE E PROGRESAR NO **DOMINIO DE CAMPOS SEMÁNTICOS**, INICIARSE NA **CONCIENCIA SILÁBICA**, AVANZAR NA **CONCIENCIA FONÉMICA**, ESTIMULAR O **PENSAMENTO DIVERXENTE** E POTENCIAR A **CAPACIDADE DE ESCOITA E RESPECTO AOS COMPAÑEROS/AS**.



QUE TEÑO NA CABEZA? SÓ PODEN FACER PREGUNTAS DE RESPONDER CUN SÍ OU CUN NON.

AS CADEIRAS MUSICAIS DOS NOMES



CONCIENCIA FONOLÓXICA: BUSCAMOS OBXECTOS DA AULA QUE COMECEN POLO SON DAS LETRAS QUE TEMOS

FOMENTO DA LECTURA

CONTOS QUE VEÑEN E VAN

UNHA VEZ POR SEMANA, VISITAMOS A BIBLIOTECA PARA COLLER CONTOS QUE LEVAMOS PARA CASA. ADEMAIS COA NOSA VISITA Á BIBLIOTECA APRENDEMOS HÁBITOS DE COIDADADO DOS LIBROS E COMO FUNCIONA A BIBLIOTECA E COMPARTIMOS LECTURAS.

OS LIBROS SERÁN CONTADOS POR ALGÚN ADULTO, IRMÁNS,... OU BEN SERÁN OS PROPIOS NENOS OU NENAS OS QUE REALIZARÁN A SÚA PROPIA LECTURA, VISIONANDO IMAXES, DESCRIBINDO A HISTORIA... DESPOIS PODEN FACER UN DEBUXO, UNHA REPRESENTACIÓN GRÁFICA OU DO QUE MÁIS LLE GUSTOU.

BUSCAMOS FACILITAR O CONTACTO COS LIBROS, O HÁBITO DE ESCOITAR, INICIARSE NA LECTOESCRITURA, ASÍ COMO A PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS NO CENTRO EDUCATIVO, DÁNDOLLE VALOR Á APRENDIZAXE EN FAMILIA.



MOCHILA VIAXEIRA

CADA SEMANA, UN NENO OU NENA LEVA PARA CASA A MOCHILA VIAXEIRA CON LIBROS DE DIFERENTES SECCIÓN: MÚSICA, CONTOS INFANTÍS, LIBROS PARA A FAMILIA, VÍDEOS, ETC. E UN CADERNO ONDE OS NENOS, NENAS E FAMILIAS PODEN CONTARNOS COMO FOI A EXPERIENCIA COA MOCHILA, OS LIBROS QUE MAIS LLE GUSTARON, A MÚSICA PREFERIDA E OUTRAS COUSAS IMPORTANTES PARA ELES.

DURANTE ESA SEMANA PODEN COMPARTIR O CONTIDO DA MOCHILA COA FAMILIA E AMIGOS, PERO O QUE MÁIS ILUSIÓN NOS FAI É PASAR UNS DÍAS CON RABUÑOSO OU NATURIZO!



ESPAZO SENSORIAL E DE CREACIÓN



A TRAVÉS DAS PROPOSTAS E TALLERES NESTE ESPAZO, AS NENAS E NENOS ADQUIREN UNHA SERIE DE APRENDIZAXES MEDIANTE A EXPERIMENTACIÓN, O DESCUBRIMENTO E A EXPRESIÓN QUE FOMENTAN O SEU DESENVOLVEMENTO SOCIOEMOCIONAL, COGNITIVO E ARTÍSTICO.

PÁRTESE DA IMPORTANCIA QUE TEÑEN AS SENSACIÓNS QUE ADQUIREN A TRAVÉS DAS EXPERIENCIAS ESTABLECIDAS COS MATERIAIS, CO ENTORNO E CON ELES MESMOS; DANDO LIBERDADE DE EXPLORAR, DESCUBRIR, COÑECER E DISFRUTAR OS SEUS SENTIDOS.

ADEMAIS DAS PROPOSTAS, NESTE ESPAZO DE APRENDIZAXE TAMÉN TEÑEN MATERIAIS QUE FOMENTAN O DESENVOLVEMENTO DOS NENOS E NENAS.

TORRE ROSA

FOMENTA O DESENVOLVEMENTO VISUAL, A PERCEPCIÓN DE TAMAÑOS, A EXPERIMENTACIÓN COA LONXITUDE, A CONCENTRACIÓN, A ORDE E PREPARA OS NENOS E NENAS PARA AS MATEMÁTICAS.



ESCALEIRA MARRÓN

MATERIAL COMPOSTO POR UNHA SERIE DE PRISMAS QUE CAMBIAN EN ALTURA MENTRAS QUE A LONXITUDE SEMPRE É CONSTANTE. POR ISO, ESTE MATERIAL SERVE PARA TRABALLAR O CONCEPTO DE GROSOR, XA QUE OS CATIVOS CÉNTRANSE NESTA CARACTERÍSTICA UNICAMENTE



CAIXA DE CORES Nº3 MONTESSORI

CO OBXECTIVO DE SABER
AGRUPAR OBXECTOS POLA
GAMA DE COR, DESENVOLVER
A AGUDEZA VISUAL, A
COORDINACIÓN E A
PSICOMOTRICIDADE FINA, A
ORDE, A CONCENTRACIÓN E A
CREATIVIDADE.

DENTRO DAS **PROPOSTAS DE APRENDIZAXE** REALIZADAS PARA DESENVOLVER O ANTERIOR, TEMOS:

ESTAMPADO
CON CORCHOS



ENSARTADO



CONFETI
BIODEGRADABLE



DEBULLAR
MILLO



PRÁCTICA
DA PINZA



MESA DE
EXPERIMENTACIÓN:
TRASVASES, USO DA
PINZA....



COA **MESA DE LUZ** DE PEDAGOXÍA REGGIO EMILIA
FAVORECEMOS A ESTIMULACIÓN SENSORIAL, O
DESENVOLVEMENTO DOS SENTIDOS, A CONCENTRACIÓN E A
COORDINACIÓN.



PARA A POTENCIACIÓN DA IMAXINACIÓN E CREATIVIDADE, EXPERIMENTACIÓN CON ELEMENTOS DA
NATUREZA PARA CREACIÓN DE OBRAS ARTÍSTICAS E ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE
ORAL DESENVOLVÉRONSE VARIOS **TALLERES**.

PINTAMOS CON
ELEMENTOS DE OUTONO



TINGUIMOS ARROZ CON
DIFERENTES TÉCNICAS



CELEBRAMOS O DÍA DO PUNTO
CON MOITOS PUNTOS



TALLER DE XOGOS LÓXICOS E DE MESA

XOGANDO ADQUIRIMOS HÁBITOS DE ORGANIZACIÓN, DE RESPECTO, DE COMUNICACIÓN VERBAL, TRABALLAMOS A MEMORIA, A ATENCIÓN, A SABER ESPERAR A NOSA QUENDA, A SUPERAR A FRUSTRACIÓN E SOBRE TODO APRENDEMOS GOZANDO.

OS XOGOS POSÚEN UNS CONTIDOS MOI CLAROS COMO XEOMETRÍA, ASOCIACIÓN LÓXICA,, CONTEO, OPERACIÓN MATEMÁTICAS, MOTRICIDADE, CREATIVIDADE, AZAR (FRUSTRACIÓN), ORIENTACIÓN ESPACIAL, ATENCIÓN, PERCEPCIÓN VISUAL, TOMA DE DECISIONS E INHIBICIÓN DE IMPULSOS.



MÓVETE MÁIS

DENTRO DOS PROGRAMAS DE ÉXITO EDUCATIVO PROMOVIDOS POLA CONSELLERÍA, TEMOS O DE EDU-SAÚDE O CAL QUERE CUBRIR A NECESIDADE DE MOVIMENTO QUE TEÑEN OS NENOS E NENAS DE TÓDAS IDADES E MOITO MÁIS OS DA NOSA ETAPA. INTRODUCIMOS ACTIVIDADES ESTRUTURADAS E SIGNIFICATIVAS DE MOVIMENTO CO FIN DE FAVORECER O DESENVOLVEMENTO DO NOSO ALUMNADO Ó TEMPO QUE SE ACTÚA NA PREVENCIÓN DE POSIBLES TRASTORNOS NA EVOLUCIÓN DO NENO/A.

CO FIN DE AXUDAR Ó DESENVOLVEMENTO PSICOMOTOR DOS NÓSOS CATIVOS E CATIVAS., REALIZAMOS A CADA DÍA AS **CANCIÓNS MOTORAS** (CANCIÓNS DOS DÍAS DA SEMANA) COAS LETRAS E COREOGRAFÍAS CREADAS NO PROPIO CRA. EN CADA DÍA DA SEMANA APARECEN UNHA SERIE DE MOVEMENTOS RÍTMICOS ESCOLLIDOS PARA PODER REALIZAR EXERCICIO FÍSICO E DE CORTE NEUROMOTOR, ASÍ COMO **RIMAS CON MOVIMENTO**.



CON ESTE MESMO
OBJECTIVO CREAMOS AS
BOLSAS VIAXEIRAS CON
MATERIAL PSICOMOTOR.
CADA MES A AULA RECIBE
UN SACO CON MATERIAIS
DIFERENTES PARA A
PSICOMOTRICIDADE,
REALIZANDO PROPSTAS
LIBRES DETERMINADAS
POLO MATERIAL.



NON PODEMOS ESQUECERNOS DA TAN
IMPORTANTE RELAXACIÓN. PARA ESTA VOLTA
Á CALMA TRAS O RECREO, ACTIVIDADES
MOTORAS OU CANDO O GRUPO ESTÁ MOI
ACTIVO. REALIZAMOS EXERCICIOS DE BRAIN
GYM OU RIMAS CON MOVEMENTO DE
TAMARA CHUVAROUSKY, PENSADAS PARA
CENTRAR E CALMAR Ó NENO E Á NENA.



XOGO LIBRE E XOGO NO EXTERIOR

BEN SABIDO É O FUNDAMENTAL DO XOGO LIBRE NA VIDA DOS NENOS E NENAS. CONTRIBÚE AO SEU DESENVOLVEMENTO COGNITIVO, Á REGULACIÓN DE EMOCIÓN, AO FOMENTO DA CREATIVIDADE, Á ADQUISICIÓN DE HABILIDADES PARA A RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS E UN LONGO ETCÉTERA. A TRAVÉS DEL, OS NENOS E NENAS, APRENDEN SOBRE O MUNDO E SOBRE SI MISMOS.



O XOGO LIBRE É UNHA NECESIDADE BÁSICA DO ALUMNADO E POR ISO OCUPA UN LUGAR IMPORTANTE NA XORNADA DIARIA. TANTO DENTRO COMO FÓRA DA AULA, POSTO QUE O XOGO NO EXTERIOR TEN, ADEMAIS, O PLUS DE FACILITAR UN MOVEMENTO CON MÁIS LIBERDADE E CON MÁIS POSIBILIDADES, MÚLTIPLES OPCIÓN DE INVESTIGACIÓN E DESCUBRIMENTO, CONTACTO DIRECTO COA NATUREZA E, POLO TANTO, MOITÍSIMOS BENEFICIOS PARA A SAÚDE FÍSICA E MENTAL.



ANIVERSARIOS

O DÍA DO SEU ANIVERSARIO CONMEMORÁMOLO COA CELEBRACIÓN DE VIDA PROMOVIDA POLA METODOLOXÍA MONTESSORI, REPRESENTANDO AS VOLTAS DA TERRA AO REDOR DO SOL; É DICIR, OS ANOS QUE CUMPRE O NENO.

PARA CELEBRALO REPRESENTÁMOLO DE MANEIRA SIMBÓLICA UTILIZANDO ALGO QUE SIMBOLICE Ó SOL, Á TERRA, AS FOTOS DO NENO (POLO MENOS UNHA POR CADA ANO) E CARTEIS COS MESES DO ANO PARA POÑER AO REDOR DO SOL.



OS NENOS E NENAS SENTAN FORMANDO UNHA ELIPSE (COMO A ÓRBITA DA TERRA) E O NENO/A QUE CUMPLE ANOS DA UNHA VOLTA COMPLETA POR CADA ANO, PERMITINDO INTERIORIZAR O CONCEPTO DE CUMPRIR ANOS.

ELES SE SINTEN ESPECIALS NESTE DÍA E PODEN COMPARTILOS COS SEUS COMPAÑEIROS OU COMPAÑEIRAS ENSINANDO FOTOS E CONTANDO COUSAS QUE PASARON NESES ANOS.



UNHA VEZ Ó MES XUNTÁMONOS COS COMPAÑEIROS DE SAN TOMÉ 2 PARA FACER UNHA MERENDOLA DE CUMPLE GRAZAS Á COLABORACIÓN DAS FAMILIAS.



XUNTANZAS

VISITAMOS POR PRIMEIRA VEZ A ESCOLA DE PARADELA E ALÍ, FIXEMOS MOITAS ACTIVIDADES COMO AS QUE FACÍAN OS NOSOS COMPAÑEIROS/AS CANDO CHEGABAN AO NIVEL DE 5 ANOS.

NESTA XORNADA TIVEMOS DIFERENTES MOMENTOS E ACTIVIDADES:



XOGO LIBRE COAS PEZAS XIGANTES DE CONSTRUCCIÓN, AS PEZAS DE LEGO, DISFRACES...



EXPERIMENTO DE MASA NEWTONIANA COA PROFE VANESSA



BUSCAMOS BICHOS



PROGRAMA DE RADIO CO PROFE MARCOS



SESIÓN DE MOVEMENTO E TEATRO CO PROFE ANTONIO



TAMÉN, APROVEITAMOS PARA XOGAR E COÑECER OS COMPAÑEIROS/AS DE PARADELA, OBSERVAR A CHARCA, DÁNDOLLE DE COMER OS PEIXIÑOS, VENDO OS BICHIÑOS, PLANTAS... ESTAMOS DESEXANDO VOLVER MOI PRONTO!





LINGUA ESTRANXEIRA

NAS CLASES DE LINGUA ESTRANXEIRA UTILIZAMOS CANCIÓNS, CONTOS, VÍDEOS E MATERIAIS DA CLASE PARA APRENDER VOCABULARIO E EXPRESIÓNS SINXELAS.

NO PRIMEIRO TRIMESTRE COMEZAMOS REPASANDO E APRENDENDO AS **CORES** A TRAVÉS DAS CANCIÓNS: "**CRAZY COLOURS CREATURES**", "**RAINBOW COLOURS**", "**COLOURS ACTION**" ENTRE OUTRAS E DIVERSOS VÍDEOS COMO POR EXEMPLO OS DE STEVE AND MAGGIE.

UTILIZAMOS EXPRESIÓNS COMA: "WHAT COLOUR IS THIS? IT IS...", "WHAT'S YOUR FAVOURITE COLOUR? MY FAVOURITE COLOUR IS...", I LIKE..."

COMO TODOS OS ANOS CELEBRAMOS A FESTIVIDADE DE "**HALLOWEEN**" QUE TANTO LLE GUSTA AO ALUMNADO CON CANCIÓNS, VÍDEOS, FLASHCARDS E MATERIAIS DA AULA.

UTILIZAMOS EXPRESIÓNS COMA: "WHAT IS THIS? IT IS A..."



TAMÉN APRENDIMOS AS **FORMAS** UTILIZANDO BLOQUES LÓXICOS, FLASHCARDS E CANCIÓNS COMA "**THE SHAPE SONG**" ENTRE OUTRAS.

UTILIZAMOS EXPRESIÓNS COMA: "WHAT SHAPE IS THIS? IT IS A...", "WHERE IS THE...?", "CAN YOU FIND A...?"



CELEBRAMOS "**CHRISTMAS**" BAILANDO E CANTANDO CHRISTMAS CAROLS COMA: "**RUDOLPH THE RED NOSED REINDEER**", "**JINGLE BELL ROCK**", "**SNOWFLAKE**" ENTRE OUTRAS E APRENDENDO VOCABULARIO COAS FLASHCARDS E MATERIAL DAS AULAS.

MÚSICA. PRIMEIRO TRIMESTRE CURSO 2021-2022

A partir de cancións, traballáronse aspectos como as habilidades psicomotoras, a vivencia do ritmo no propio corpo ou con instrumentos, o acompañamento de cancións con xestos, a entoación, a dramatización, a danza individual e colectiva ...

É importante lembrar a importancia da música nesta etapa á hora de: fomentar relacións, identificar emocións, favorecer a relaxación ou a desinhibición, desenvolver a motricidade tanto grossa como fina, traballar a xesticulación, mellorar a expresión oral e a memoria, a creatividade ...

Dende principio de curso, as "Cancións motoras" están moi presentes. O luns o señor león, o martes a medusa, o mércores o mono Amelio... Son cancións nas que os nenos e nenas executan movementos moi específicos, e que a modo de xogo ou coreografía, permítenos estimular no alumnado o desenvolvemento psicomotor, auditivo, rítmico, emocional ou atencional.

Cantamos tamén cancións que tiñan que ver coas temáticas que se traballaron nas aulas, ou coas celebracións (Magosto, Samaín, Nadal...): *Fogo Nicolás, Debaixo da figueira, A bruxa regañadentes, Din don dan, O pelo roxiño...* e moitas máis. Todas elas acompañadas de percusión corporal, instrumentos de pequena percusión, xestos, movemento polo espazo, baile...

O profe utiliza instrumentos (guitarra sobre todo, xilófono, teclado ou acordeón) para acompañar as cancións. O alumnado emprega nalgunha ocasión campás melódicas ou xilófonos, guiados, de xeito que poidan experimentar de forma doada coas melodías. Noutros momentos tocan pandeiretas pequenas, triángulos, caixas chinesas, claves, ovos sonoros, maracas...

O movemento é fundamental na clase de música. Moitas das cancións se acompañan de baile e coreografías sinxelas, nas que se traballa o ritmo, a coordinación do propio movemento e cos demais, a cohesión de grupo...

Realizamos xogos de dedos ou de mans, que implican cantar unha melodía e seguir un ritmo, ademais de exercitar a coordinación ollo-man.

Aprendemos tamén algunhas notas musicais e as cantamos empregando as mans como apoio visual (quironomía), o que facilita a entoación correcta e a atención.

En moitas das sesións adicamos un tempo ao teatro. Dramatizamos contos coñecidos pola rapazada, tamén con música: *Corre corre cabaciña, A bruxa regañadentes, O papón, O coelliño branco, A toupiña...* É un recurso excelente para incentivar aspectos como a linguaxe, a expresión corporal, a memoria, a atención, a empatía, a desinhibición, o gusto pola lectura e as artes escénicas...





MEMORIA DE PSICOMOTRICIDADE

A intervención motriz ten ao corpo como principal área de traballo. O corpo en movemento e a súa relación cos espazos, cos obxectos e sobre todo cos iguais vén marcada polo propio estadio madurativo de cada nena e neno, xunto as súas experiencias previas, polo que as propostas presentadas en cada sesión están pensadas para que cada quen actúe de xeito autónomo, invitados polo propio ambiente lúdico da actividade, e botándose de cheo á aventura do movemento..



Que fixestes no verán?

Unha simple cuestión serve como punto de partida para que xordan actividades coma estas, nas que xogan a pescar peixes.



Durante as primeiras semanas os obxectivos xiraron en torno á experimentación cos novos espazos e materiais, a interactuar nun espazo que invita ao movemento (pese ás súas limitacións) e no que hai que convivir con outros nenos e nenas. Isto, non sempre é doado, sobre todo para o alumnado que acaba de chegar. Crear un bo ambiente de convivencia foi a meta fundamental nas primeiras semanas.

Para favorecer isto establecéronse pequenas rutinas a través de tres fases na sesión. Nunha primeira fase de animación tiramos de cancións coma *Ola, ola, lá!* (Mamá cabra) ou *Coas miñas mans* (Pablo Díaz), para crear un ambiente que invite a coñecernos, facendo brincadeiras cos nomes e aproveitando para ir inducendo ao movemento. Na fase principal da clase, o xogo de carácter socializador tivo unha especial relevancia durante as primeiras cinco semanas, pero tamén o individual. No último treito da sesión facemos unha volta á calma, onde comezamos a introducir cancións nas que achegarse ao corpo en concepto, en "esquema", pero sobre todo a nivel propioceptivo e focalizándonos na integración sensorial.




Cancións populares dos dedos das mans ou outras partes do corpo, actividades de masaxe, ioga... son un habitual para a relaxación.

A cotío é necesario incluír unha última tarefa antes de rematar a clase, unha pequena fase de reflexión ou diálogo na que falar non só das experiencias de cada quen, senón tamén ir verbalizando as potencialidades e os límites da propia acción individual e nas consecuencias de certos actos no grupo e/ou nos materiais e espazos, e ir así construíndo pouco a pouco entre todas e todos ese marco de convivencia na propia aula.



É un ambiente no que é habitual que xurdan conflitos. O enfoque é que a norma naza como froito destes, pois o obxectivo non é aprender normas, é aprender a convivir. Así, o XOGO eríxese como o noso "alfa e omega".

Pese a que en psicomotricidade se traballa de xeito global, as seguintes semanas as propostas centráronse maioritariamente no traballo do esquema corporal, aínda que tamén houbo que incluír moitas actividades dirixidas a fomentar a autonomía, tonicidade xeral e, máis concretamente, nas mans (introducindo propostas e xogos onde tivesen que agarrar, tirar, manipular, empurrar, gatear, etc).



Tamén fixemos sesións temáticas nas que o fío condutor era ben unha canción, un conto ou ben un conto musicado coma no caso de A casa da Mosca Chosca, que nos serviu para non só facer certos movementos segundo o animal que fose visitar á mosca, senón para reflexionar sobre a necesidade de compartir, de respectar... conflitos moi comúns á hora de, por exemplo, compartir material. Tamén durante o Samaín nos convertemos en pantasmas, xogamos con cabaciñas (pelotas) axudándolle á velliña protagonista do conto a escapar das feras, valémonos da dramatización e a expresión corporal para traballar de xeito creativo a corporalidade ao tempo que desenvolvemos as habilidades básicas. O traballo interdisciplinar é unha constante e tamén fixemos unha introdución aos pasos básicos do Hip Hop. Tiramos moitísimo da escoita de diferentes estilos de música para sentir o ritmo a través do corpo (así coma o noso propio ritmo corporal).




Para dar resposta ás necesidades individuais de cada nena e neno inténtase non só propoñer actividades e xogos abertos e flexibles, senón que se alterna este modelo metodolóxico con outros introducindo sesións con ambientes de aprendizaxe onde o alumnado, ben con un espazo previamente estruturado, ben presentándolles previamente o material que van a utilizar, xogan de forma autónoma pero en base a unhas intencionalidades e obxectivos previos.

As respostas adoitan ser ricas e diversas xa que o propio ambiente invita ao movemento. Mais outras veces temos que tirar de "provocacións" buscando ampliar o abano de respostas, ou mesmo contextualizar o ambiente coma no seguinte exemplo onde se parten dun espazo con só uns panos no chan para ir contando unha historia de vermes que se converten en bolboretas... a partir de ahí a historia xira en torno a buscar a resposta de construír unha casa para todas utilizando o pano que tiña cada



O ambiente soe presentarse xa instalado, coma esta proposta pensada para que traballen e fagan xogos onde impere a motricidade



Outro exemplo de proposta que fixemos para traballar a corporalidade e a coordinación óculo-segmentaria:



Neste modelo de sesión son fundamentais as verbalizacións, tanto iniciais (facendo conxeturas sobre que se pode ou non se debe facer con X elementos), coma finais (verbalizar sobre a acción, rememorando, valorando, reflexionando e mesmo representando). As respostas do alumnado soen ser moi diversas e creativas.



RELIXIÓN CATÓLICA

DURANTE ESTE PRIMEIRO TRIMESTRE, NA MATERIA DE RELIXIÓN CATÓLICA, TRABALLAMOS AS SEGUINTE UNIDADES DIDÁCTICAS:

- ADMIRANDO A NATUREZA
- HISTORIAS DA BIBLIA
- A FESTA DO NADAL

ADMIRANDO A NATUREZA

PARTIMOS DO RELATO DA CREAÇÃO, A TRAVÉS DO SEGUINTE CONTO:



XOGAMOS A PLASMAR NUN PANEL OS DIFERENTES MOMENTOS:



TRABALLAMOS A ADMIRACIÓN POLA CREAÇÃO, POLO FERMOZA QUE É A NATUREZA DO NOSO PLANETA. FIXÉMOLO A TRAVÉS DE IMAXES E DA OBSERVACIÓN DA NOSA CONTORNA.


COA AXUDA DUN CURIOSO PERSOAXE, VISUALIZAMOS UN VÍDEO DE HAPPY LEARNING <https://www.youtube.com/watch?v=cvakvfXj0KE>, NO QUE APRENDEMOS O SIGNIFICADO DAS TRES "R" (REDUCIR, REUTILIZAR E RECICLAR).

A PARTIR DO MESMO, E COA AXUDA DE DIFERENTES IMAXES DEBATEMOS SOBRE O QUE É COIDAR DO NOSO PLANETA, OU MALTRATALO:

- MODERAR O CONSUMO DE AUGA FRONTE A ABRIR OS GRIFOS MENTRAS NON OS USAMOS.
- REUTILIZAR MATERIAIS: PAPEIS, ROUPA, XOGUETES, ... FRONTE A DARLLES UN SÓ USO.
- SEPARAR O LIXO FRONTE A USAR SÓ UN CONTEDOR.
- COIDAR DOS ANIMAIS E DAS PRANTAS FRONTE A OUTRAS ACTITUDES DE MALTRATO.
- ...

HISTORIAS DA BIBLIA

COÑECEMOS O RELATO DA ARCA DE NOÉ A TRAVÉS DO SEGUINTE CONTO



ELABORAMOS A NOSA PROPIA ARCA DE NOÉ DE PAPEL




XOGAMOS COA ARCA DE NOÉ DE PLAYMOBIL



A FESTA DO NADAL

CONTAMOS O CONTO:



XOGAMOS CO BELÉN DE PALYMOBIL E FIXEMOS UN COAS CONSTRUCCIÓNS






FIXEMOS UNHA MANUALIDADE DE NADAL




ATENCIÓN EDUCATIVA

Na s sesións de ATENCIÓN EDUCATIVA utilizamos os contos como centros de interese para tratar temas como a felicidade, o medo e o Nadal. Contamos contos, fixemos reflexións e choiva de ideas sobre eles e finalmente unha representación gráfica do vivido a través do debuxo e do modelado principalmente.



Cos contos do medo e a felicidade os nenos e nenas comprenderon mellor estes sentimentos, aprenderon como comportarse en cada momento, como identificarse fácilmente con eles e como descifrar estas emocións dunha forma fácil e divertida.



Doutra banda traballamos o Nadal, utilizando contos e reflexións. Falamos de temas e vivencias que aparecen con máis frecuencia nestes días: estamos alegres, estamos tristes, chegan cartas, agasallos, comida especial, decoración etc.

